

X2301067 – Guía do curso

Formación para persoas coordinadoras de polos creativos

Plan de Formación Permanente do Profesorado 2023/2024

 40h (28 presenciais + 12 non presenciais)

					
Xornada de acolida	Formación didáctica	Formación técnica	Coordinación no centro	Sesión de reflexión	Xornada de peche
5h	8h	8h	12h	2h	5h
Presencial	Presencial	Presencial	Non presencial	Presencial	Presencial
Cidade da Cultura	Aula Virtual	Centro de Formación e Recursos		CFR	Cidade da Cultura
Exploraremos a tecnoloxía educativa dixital a través de exemplos de uso, estudando a posta en marcha e a execución de diversas propostas creativas ao tempo que percorremos as diferentes posibilidades dos Polos creativos.	Participaremos nun ciclo de formación didáctica aplicable aos Polos Creativos artellado en oito sesións virtuais con diferentes temáticas. Cada sesión ten unha duración de dúas horas e requírese asistir a catro desas oito sesións, sendo posible escoller libremente as do teu interese. Emitiranse en directo, mais en caso de falta xustificada poderán verse tamén en diferido.	Aprenderemos a usar os elementos do Polo Creativo a través dun proxecto educativo sinxelo como eixo condutor da aprendizaxe. Serán pequenos obradoiros acerca de corte láser, electricidade, téxtiles, programación, audiovisuais, edición, posprocesado 3D, etc. Todo con carácter práctico e transferible á práctica de aula.	Coa formación adquirida previamente xa estaremos en disposición de coordinar os proxectos de Polos Creativos que cómpre desenvolver no centro educativo. Para evidenciar o traballo feito non será precisa unha memoria, abondará con facer unha entrega a modo de diario de aprendizaxe en formato audiovisual. Por exemplo, un vídeo, unha presentación, un blog, etc.	Reflexionaremos individual e colectivamente sobre a práctica desenvolvida no centro para analizar o impacto, avaliar os resultados e propor melloras no proxecto.	A modo de conclusión, celebraremos unha xornada presencial para visibilizar o traballo realizado por parte dos diferentes centros no Polo Creativo participando nunha feira de proxectos divulgativa.